

¿QUÉ É UN EDUCADOR/A SOCIAL?

Defínese a Educación Social como un dereito da sociedade que se concreta no recoñecemento dunha profesión de carácter pedagóxico, xeradora de contextos educativos e accións mediadoras, que son ámbito de competencia do profesional da educación social e posibilitan:

A promoción cultural e social, entendida como apertura a novas posibilidades da adquisición de bens culturais, que amplíen as perspectivas educativas, laborais, de ocio e participación social.

A incorporación do suxeito da educación á diversidade das redes sociais, entendida como o desenvolvemento da sociabilidade e a circulación social.

Colexio de Educadores Sociais de Galicia
Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña
Tel.: 981552206 Fax: 981938274
cesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com



O/A Educador/a Social no ámbito escolar

O EDUCADOR/A SOCIAL E O ENSINO

A presenza e intervención de educadores sociais nos centros escolares convértese nunha necesidade, co fin de colaborar no desenvolvemento das habilidades sociais e autonomía persoal dos alumnos, especialmente os que se encontren en situacións de risco e intervindo cos mozos/as, as familias e os axentes sociais do entorno, contando co apoio do equipo docente. Esta necesidade vese reforzada polos seguintes factores:

Relación centro-entorno. O ámbito escolar é un espazo de socialización básico, pero unha concepción ampla e integradora da Educación obriga a considerar que esta non pode ser desenvolvida exclusivamente no sistema de educación formal. Por isto, lograr unha educación de calidade require esforzo por parte da comunidade educativa e do entorno social de cada centro, creando unha rede de apoio que implique a todos os colectivos relacionados coa educación; pero esta relación centro-entorno en moitos casos é nula ou insuficiente. Do mesmo xeito, a participación e implicación da familia nos procesos educativos é fundamental, en tanto que son os principais axentes de desenvolvemento dos seus fillos. Por isto, débense crear cauces de comunicación entre o centro e a familia, sobre todo naqueles casos nos que a situación familiar poida afectar ao axeitado desenvolvemento dos nenos/as.

Convivencia escolar. Os contextos escolares están a sufrir na actualidade un aumento na problemática convivencial nas relacións alumno-profesor e incluso entre os mesmos alumnos, chegando nalgúns casos a situacións de violencia e agresividade preocupantes. Algúns adolescentes, ante a obriga de ter que asistir ao centro educativo, desenvolven unha actitude de rexeitamento cara este entorno que desemboca no absentismo escolar e mostras de agresividade, situacións que se agravan aínda máis naqueles casos nos que non se conta co entorno familiar para poder resolvela.

Desigualdades sociais. O progresivo aumento de alumnos/as inmigrantes, así como a presenza nas aulas de escolares pertencentes a entornos culturais e sociais cunha clara desvantaxe socioeducativa por motivos económicos, laborais, familiares ou de calquera outro tipo fai preciso reforzar o apoio educativo, así como actuar dende espazos normalizados, como pode ser o escolar.

Educación en valores. A sociedade actual esixe que a escola non se limite á transmisión de coñecementos, senón que resulta imprescindible contemplar como elementos fundamentais do proceso educativo as actitudes e valores que conformarán aos futuros cidadáns.

Varias comunidades autónomas españolas xa contan coa figura profesional do Educador/a Social nas aulas e outras están a incorporala a través de diversas experiencias. A formación, capacidades e funcións dos Educadores/as Sociais fan que sexa o profesional máis axeitado para integrarse nos centros educativos, xa que están perfectamente adecuadas á intervención que se precisa nestes casos.

AS FUNCIÓNS DO/A EDUCADOR/A SOCIAL NOS CENTROS EDUCATIVOS

O/A Educador/a Social dentro dos centros educativos plantéxase como unha figura que actúa en colaboración co resto da comunidade educativa (departamento de orientación, mestres, asociación de pais, servizos comunitarios) e, entre outras, pode levar a cabo as seguintes funcións:

- ≠ Desenvolvemento de programas de educación en temas específicos como: saúde, medio ambiente, consumo, tolerancia e igualdade, convivencia...
- ≠ Creación de espazos e equipos de traballo mediadores e negociadores para a eficacia na resolución de conflitos.

- ≠ Seguimento e control do absentismo e o fracaso escolar.
- ≠ Colaboración co Departamento de Orientación na resposta educativa ao alumno con comportamentos problemáticos, así como o seguimento dos mesmos.
- ≠ Desenvolvemento de programas para previr e afrontar a conflitividade escolar. Programas de integración escolar.
- ≠ Redacción de propostas para fomentar as relacións do Centro co entorno social no que está encadrado.
- ≠ Planificar, coordinar e desenvolver, en colaboración con outros departamentos, actividades complementarias e extraescolares, que melloren ou propicien as relacións centro-entorno e que favorezan a creación de redes de comunicación estables entre o centro e os demais axentes socioeducativos da comunidade.
- ≠ Programar e executar co Dpto. de Orientación e o equipo directivo actuacións encamiñadas a garantir a información puntual ás familias sobre o proceso educativo dos seus fillos.
- ≠ Apoio á formación do profesorado.
- ≠ Participar nos programas de asesoramento e formación de pais.
- ≠ Participar no Plan de Acción Titorial no referente ao desenvolvemento de habilidades sociais, prevención e resolución de conflitos, educación para a saúde, prevención de condutas xenófobas e racistas, prevención da violencia contra as mulleres fomentando a igualdade de oportunidades entre sexos.

Todas estas cuestións teñen que ser debatidas e consensuadas. A nosa intención como Colexio é dialogar coa comunidade escolar e coas autoridades educativas o proceso de incorporación do Educador/a Social mediante a creación dunha comisión. Esta acción redundará sen dubida nunha mellor calidade do noso sistema educativo, que é o obxectivo de todos.